

DÚO

Meritxell Colell Aparicio , 2022

1005

ESTREA EN NUMAX: 09.09.2022 | V.O. | 107 min | TP

Norte de Arxentina. Carnavais. Tras un ano na aldea coa súa nai, Mónica retoma un dúo de danza coa súa parella. Xuntos emprenderán unha xira pola cordilleira dos Andes, nun intento de salvar a relación aferrándose a unha promesa: "non deixarei de querer o queda de ti". Que fan ali? Actuar para que, para quen? Ninguén lles pediu estar ali. E porén ali están, illadas, á deriva, que foron buscar?

«Colell explora a desintegración dunha parella de bailaríns mirándose no cinema de Roberto Rossellini e Ermanno Olmi»

Enric Albero, EL CULTURAL



Entrevista con Meritxell Colell: «Os personaxes atópanse nun altiplano xeográfico e emocional»

Por Enric Albero

Por que embarcarse nunha continuación de *Con el viento* (2018)? Vén dun dobre desexo. Por unha banda, tanto Mónica coma min quedamos con ganas de seguir a traballar xuntas, sobre todo porque en *Con el viento* ela está tan ríxida que queríamos probas outros rexistros. Por outra banda, interesábame moito falar de como unha transformación na túa vida xera novas crises. De aí a idea de coller un personaxe, cunha grande elipse polo medio, e ver como resoa nel todo o que lle sucedeu en *Con el viento*. A idea era crear resonancias no interior do propio filme que o que sucede reverbera nesa relación de parella, pero tamén xerar un forte eco con respecto á obra anterior.

O filme posúe unha curiosa estrutura en paralelo. Por que? A estrutura está directamente relacionada coas circunstancias propias da rodaxe: por causa da pandemia tivemos que suspendela cando levabamos dezasete días, a metade do previsto. Iso obrigounos a reformular a escrita do filme que, en gran parte, puido salvarse por estar gravado cronoloxicamente. Neste novo escenario o papel que xoga o Súper 8 é moi distinto ao inicialmente previsto, porque no primeiro guión correspondíase co futuro, cuns diarios que Mónica rexistraba desde outro tempo. Así que tivemos que reescribir en función do material co que contabamos e deseñamos esa estrutura en paralelo cun tempo que está conformado polas partes en Súper 8, que se corresponderían con esa viaxe interior de Mónica, e o outro que comprendería a xira e que inclúe ese baile recorrente entre eles que pode verse como unha caste de umbral entre o mundo interior de Mónica e o presente narrativo.

O tratamento da paisaxe como metáfora do estado psicolóxico e emocional da parella remite a obras como *Viaxe en Italia* (Roberto Rossellini, 1954) ou *I fidanzati* (Ermanno Olmi, 1963) o que remata facendo de Dúo un tratado sobre a incomunicación. Vela así? Totalmente. Eses son os grandes referentes xunto con *Stromboli* (Roberto Rossellini, 1950), que é un filme que sempre está e vai estar nas miñas películas. Gustábame moito a idea de situar os personaxes no altiplano, un altiplano xeográfico pero tamén emocional. Hai infinidade de filmes sobre a fin das parellas, todos moi arrebatados e cheos de discusións. Pero que pasa cando as fendas son tan grandes que só queda o silencio? É unha historia de dúas persoas que xa non se encontran.

E entre os que media un abismo pese a estar xuntos... Tamén é unha historia sobre a dor da distancia, da que se abre no seo da parella, pero tamén da que existe con respecto ao mundo no que se atopan e en relación ao mundo que Mónica deixou atrás, que é o da súa aldea. Un dos obxectivos que buscabamos era que a parella se puidese enfrontar aos mesmos dilemas que temos nós como cineastas. Por que estamos aquí? Que facemos aquí? Somos estranxeiros nunha terra que non é nosa e iso xera unha serie de contraposicións que xamais poderás evitar, así que se trataba de confrontar ese eu individual máis europeista co comunitario; a arte contemporánea coa arte ligada á vida e a paisaxe e a inevitable confrontación persoal que se produce cando estás alí, rodeado de xente tan nobre e xenerosa que te obriga a cuestionarte como te relacionas co mundo.